



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Léxico e sintaxe	Código	613436022	
Titulación	Mestrado Universitario en Lingüística e as súas Aplicacións			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma				
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación			Correo electrónico	
Profesorado			Correo electrónico	
Web				
Descrición xeral	Neste curso estúdanse os problemas teóricos, descritivos e aplicados que plantexan as propiedades sintácticas dos elementos léxicos para a lexicoloxía, a lexicografía e o ensino de linguas. E viceversa, no curso reflexiónase tamén sobre cómo as estruturas sintácticas están lexicamente restrinxidas e cómo o estudo detallado da sintaxe leva inevitabilmente á análise do léxico.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	O alumnado coñecerá e será capaz de aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística.
A2	O alumnado coñecerá as correntes actuais da lingüística.
A3	O alumnado coñecerá as correntes actuais da lingüística aplicada.
A4	O alumnado será capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos á práctica.
A5	O alumnado adquirirá habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación.
A6	O alumnado dominará aspectos teóricos e prácticos da investigación gramatical.
A7	O alumnado dominará aspectos teóricos e prácticos relacionados coa investigación lexicográfica.
A8	O alumnado dominará aspectos teóricos e prácticos relacionados co ensino de linguas.
A10	O alumnado dominará aspectos teóricos e prácticos relacionados coa investigación en análise do discurso.
B1	O alumnado desenvolverá habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.
B2	O alumnado será capaz de integrar coñecementos de campos de estudo diversos.
B3	O alumnado aprenderá a aprender, de forma autónoma, como base da súa futura actividade investigadora.
B4	O alumnado será capaz de aplicar os seus coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos ou non familiares en contextos interdisciplinares.
B5	O alumnado adquirirá capacidade para concibir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico.
B6	O alumnado desenvolverá habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.).
B7	O alumnado adquirirá capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B8	O alumnado será capaz de comunicar oralmente e por escrito con claridade os coñecementos teóricos e aplicados do campo de estudo tanto a audiencias expertas como non expertas.

Resultados da aprendizaxe	
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación



Coñecer as principais perspectivas teóricas no estudo da interacción de lexico e sintaxe.	AI1 AI2 AI3 AI4 AI5 AI6 AI7 AI8 AI10	BI1 BI2 BI3 BI4 BI5 BI6 BI7 BI8
Analizar e resolver problemas teóricos, descritivos e aplicados que plantexan as propiedades sintácticas dos elementos léxicos e as restricións léxicas presentes nas estruturas sintácticas.	AI1 AI2 AI3 AI4 AI5 AI6 AI7 AI8 AI10	BI1 BI2 BI3 BI4 BI5 BI6 BI7 BI8
Saber elaborar descrições lexicolóxicas e lexicográficas das propiedades sintácticas de entradas léxicas.	AI1 AI2 AI3 AI4 AI5 AI6 AI7 AI8 AI10	BI1 BI2 BI3 BI4 BI5 BI6 BI7 BI8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Problemas básicos da interacción léxico-sintaxe	
2. Modelos teóricos e a súa aproximación ao lexico e a sintaxe	2.1. Modelos formais e modelos cognitivo-funcionais 2.2. Modelos lexicalistas e modelos construcionistas
3. Valencia	3.1. Predicados, argumentos [actantes] e adxuntos [circunstantes] 3.2. Valencia sintáctica e valencia semántica 3.3. Alternancias construcionais
4. Categorización	4.1. Principios xerais de categorización 4.2. Categorías léxicas e categorías sintácticas 4.3. Campos léxicos e ontoloxías semánticas 4.4. Clases sintáctico-semánticas
5. Significado e combinatoria léxica	5.1. Polisemia léxica e polisemia construcional 5.2. Combinacións restrinxidas: locucións, colocacións, selección semántica 5.3. Perfís combinatorios

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	1	0	1



Sesión maxistral	7	16	23
Foro virtual	3	12	15
Solución de problemas	4	16	20
Traballos tutelados	1	14	15
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación do curso: metodoloxía, contidos e métodos de avaliación.
Sesión maxistral	Presentación por parte do profesor dos conceptos básicos, das principais perspectivas teóricas e formulación dos problemas máis relevantes.
Foro virtual	Comentario crítico e discusión na clase ou a través das TIC de lecturas especificadas previamente e dos contidos das sesións maxistras.
Solución de problemas	Aplicacións prácticas á descrición sintáctica de elementos léxicos, e á descrición de elementos léxicos que ocupan posición sintácticas.
Traballos tutelados	Traballo escrito consistente un estudo de caso no que se apliquen os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Foro virtual Solución de problemas Traballos tutelados	Dependendo dos diferentes niveis do coñecemento teórico e práctico de cada estudante, faise necesario unha atención personalizada que supervise o avance na aprendizaxe da materia.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Nas sesións maxistras espérase a asistencia, atención e participación activa de todo alumnado.	10
Foro virtual	Nos foros de discusión o estudante demostrará a súa capacidade de asimilación de conceptos e a súa perspicacia para formular e resolver problemas teóricos.	30
Solución de problemas	Cos problemas e exercicios, o estudante demostrará a súa capacidade de observación das linguas e de aplicar conceptos teóricos.	30
Traballos tutelados	No traballo tutelado final o estudante mostrará o grao de destreza no uso dos diferentes conceptos teóricos, así como a orixinalidade e a resolución para ofrecer solucións aos diferentes problemas prácticos, así como a capacidade para integrar os seus coñecementos e expoñelos de maneira clara e ordenada.	30

Observacións avaliación
Os alumnos que sigan un réxime semipresencial deberán realizar todas as lecturas necesarias para adquirir os contidos teóricos e realizar o traballo correspondente aos foros de discusión, resolución de problemas e traballos tutelados a través das TIC.
Na segunda convocatoria, os estudantes que non acadaran na primeira os mínimos esixidos deberán corrixir o realizar só aqueles traballos que non foron realizados na primeira convocatoria ou que non foron realizados correctamente.

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías